

EXÁMENES**EXTRAORDINARIOS DE SEPTIEMBRE, CURSO 2012-2013****Probas extraordinarias presenciais de setembro**

Hai unha soa semana de exames, do **2 ao 7 de setembro**.

De que te podes examinar

- Graos, Licenciaturas, Diplomaturas e Enxeñarías
- Máster EEES
- Curso de Acceso a maiores de 25 e 45 anos
- CUID

Requisitos para examinarte

Ter o carné de estudante do curso académico en vigor e levalo o día do exame.

É necesario acompañalo co DNI ou pasaporte en caso de que algún membro do Tribunal de Probas Presenciais o poida solicitar para comprobar algún dato.

Se che concederon algunha adaptación de exames, debes traer a Resolución recibida.

Onde te podes examinar

Na sede Centro Asociado na cidade da Coruña, rúa Pepín Rivero, 3.

Os alumnos matriculados na Aula de Ferrol deberán examinarse no Centro Asociado coruñés.

Para examinarse noutro Centro Asociado, é necesario solicitalo por escrito, á atención do Director do Centro de destino, xunto cunha fotocopia do resgardo de matrícula e indicando os datos e as materias obxecto de exame.

Cando debes examinarte

O día e a hora que fixada para a materia elixida.

Normas dentro da aula de exame

Durante a primeira media hora dende o inicio do exame poderase acceder á aula onde se realice o exame. Se o alumno chegara tarde, dispoñerase unicamente do que reste para a realización da proba.

Comezado o exame é necesario permanecer na aula ata pasada media hora.

Non está permitida a utilización de dispositivos electrónicos de comunicación dentro da aula de exame.

Únicamente permitirásese o material expresamente autorizado no exame.

EXÁMENES**EXTRAORDINARIOS DE SEPTIEMBRE, CURSO 2012-2013**

Información www.acoruna.uned.es, e no teléfono 981 14 50 51 o través do correo electrónico info@a-coruna.uned.es.

Consulta de cualificacións

Por internet, na Secretaría Virtual, unha vez identificados na páxina principal, en Campus UNED.

Ruta: Portal UNED, acceso a Campus, identificarse no campus, acceder á Secretaría Virtual, ver Cualificacións.

Exame de reserva

Casos nos que se pode solicitar reserva de exame:

- Por motivos xustificados recollidos no Regulamento de Probas Presenciais que deben acreditarse documentalmente.
- Se coinciden dous ou máis materias nunha mesma sesión. Neste caso poderase solicitar a reserva no momento de entrega ao Tribunal de Probas Presenciais o exercicio que lle dá dereito a el.
- Necesario solicitar e xustificar a reserva ao Presidente do Tribunal de Probas Presenciais antes do día fixado para reserva.
- O Presidente do Tribunal, sobre a base da documentación recibida, valorará se concede ou denega a solicitude. Tal consideración será comunicada ao alumno.

Revisión de exame

O prazo máximo para solicitar a revisión de exames será de 7 días naturais contados a partir do día da publicación da nota na Secretaría virtual da UNED.

No caso de que o estudante non estea conforme co resultado da primeira revisión, poderá solicitar, de forma motivada e nos 5 días naturais seguintes á recepción do resultado da primeira revisión.

En caso de que o estudante siga en desacordo coa cualificación do exame, poderá presentar recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes a contar dende a recepción do resultado da valoración da Comisión de Revisión.